



2015/XENSEC/000034

DECRETO DO ALCALDE RELATIVO A CREACIÓN DE SELO ELECTRÓNICO PARA A APLICACIÓN DE REXISTRO E TAOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO

Enténdese por actuación administrativa automatizada, segundo definición do anexo da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos aquela actuación administrativa producida por un sistema de información adecuadamente programado sen necesidade dunha persoa física en cada caso singular, incluíndo a produción de actos de trámite ou resolución de procedementos, así coma meros actos de comunicación.

Esta norma tamén prevé no artigo 18 que para a identificación e autenticación do exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, poderán empregarse "selos electrónicos" baseados en certificados electrónicos que reúnan os requisitos esixidos pola lexislación de sinatura electrónica. A relación de selos empregados por cada administración pública, incluíndo as características dos certificados electrónicos e os prestadores que o expiden, deberá ser pública e accesible por medios electrónicos.

Por outra banda o regulamento de desenvolvemento parcial da lei (Real decreto 1671/2009, de 6 de novembro) determina que a creación dos selos electrónicos realizárase por resolución do titular do organismo público correspondente que se publicará na sede electrónica correspondente, regulando os datos que necesariamente deberán figurar na resolución aprobatoria: organismo ou órgano titular do selo que será o responsable do seu emprego, características técnicas xerais para o sistema de sinatura e certificado aplicable, o servizo de validación para a verificación do certificado e as actuacións e procedementos en que poderá ser empregado.

O rexistro electrónico do Concello de Pontevedra créase e régúlese na Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Pontevedra (BOP 27/05/2015) para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións. Este rexistro estará accesible a través da sede electrónica as 24 horas de todos os días do ano e emitirá automaticamente un recibo de presentación, asinado electronicamente, que constitúe unha actuación administrativa automatizada

Por outra banda, no rexistro electrónico presencial, para os únicos efectos de constancia da imaxe da documentación achegada polos interesados e de axilizar a tramitación desta, dixitalízase a documentación presentada que no momento de incorporarse ao asento rexistral correspondente, asíñase con selo de órgano de forma desatendida.

A ordenanza sinalada regula no seu artigo 11 o taboleiro de anuncios electrónico que deberá estar dispoñible, do mesmo xeito que o rexistro, as 24 horas de todos os días do ano. Para os efectos de acreditar a autenticidade, a integridade e a dispoñibilidade aplica o selo de órgano no momento en que se incorpora ao taboleiro de anuncios, con independencia de que non estea dispoñible electronicamente ata a data de inicio do cómputo do prazo.

En consecuencia, sendo precisa a creación do Selo Electrónico de Secretaría do Concello de Pontevedra, para posibilitar a actuación administrativa automatizada que dea resposta a devolución do xustificante da documentación presentada no rexistro electrónico, a constancia da imaxe da documentación presentada no rexistro presencial así como á publicación de anuncios no taboleiro de anuncios electrónico e polo que DECRETO:

Primeiro.- Crear o Selo Electrónico de Secretaría do Concello de Pontevedra coas seguintes características:

- a) A responsabilidade, tanto da súa utilización como a efectos de impugnación, corresponderá ao Concello de Pontevedra, e a súa xestión á Secretaría.
- b) As características técnicas xerais do sistema de sinatura e certificados aplicable son as que constan na Declaración de Prácticas de Certificación aprobada pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre - Real Casa de la Moneda, que poden ser obxecto de consulta no seu enderezo web <http://www.cert.fnmt.es>.
- c) A verificación do certificado poderá realizarse a través do Centro de Transferencia de Tecnoloxías, accesible dende o enderezo electrónico <https://valide.redsara.es/valide/>.


Segundo.- Ó Selo Electrónico de Secretaría empregárase para a devolución do xustificante da documentación presentada no rexistro electrónico, a constancia da imaxe da documentación presentada

no rexistro presencial así como á publicación de anuncios no taboleiro de anuncios electrónico.

Terceiro.- O presente Decreto publicarase na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra, e no Boletín Oficial da Provincia e na propia sede electrónica do Concello de Pontevedra.

Pontevedra, 29 de febreiro de 2016

A alcaldesa accidental



María Carmen da Silva Méndez



Dou fe,
O Secretario,

José Carlos Castiñeira Piñeiro